

AUDITORIO DO CENTRO CULTURAL DE MUROS VOLTA AO TEATRO. NORMAS E MEDIDAS A SEGUIR FASE 2 | COVID-19



AFORO MÁXIMO: 50 PERSOAS

BILLETEIRA:

RESERVA PREVIA OBRIGADA:

Debido á situación na que nos atopamos provocada pola pandemia do CORONAVIRUS, o acceso ao auditorio do centro cultural e xuvenil de Muros será posible só mediante reserva previa, que se realizará do seguinte xeito:

Dende o luns anterior ao espectáculo. Nas **oficinas do Centro cultural de Muros**, de **luns a venres de 08:30 a 14:00 h**, no teléfono **981762294** ou no e-correo **cultura@muros.es**, (só válido coa confirmación da reserva de entradas). Ten que facilitar o nome, NIF, un teléfono de contacto e o número de entradas que precisa.



RESERVA PREVIA




Centro cultural



981762294



cultura@muros.es



PREZO:

As entradas **serán de balde**, e por orde de reserva. **Máximo 4 entradas** por persoa.

ENTRADA Á SALA:

Horario: Entre 20 minutos e 10 minutos antes do comezo do espectáculo (Familiar de 17:40 a 17:50).

Esíxese o uso de **máscara de protección** (a non ser un caso especial)

Cada persoa debe **sentarse na butaca previamente asignada**, que se indicará á entrada e permanecer na mesma durante todo o espectáculo

A porta de **entrada será a da esquerda e a de saída a da dereita** (indicadas)



Entre 20 minutos e
10 minutos antes do comezo



Butaca asignada



Máscara de
protección

OUTRAS NORMAS:

Unha vez comezado o espectáculo non se pode entrar na sala.

Por respecto aos intérpretes e ao público, non se pode comer nin facer ruído na sala.

Non se pode ter operativo os teléfonos móbiles.

O acceso aos aseos será só de unha persoa. Debendo empregar o desinfectante á entrada e á saída do mesmo.

Agradecemos a colaboración de todo o público na observación destas normas